



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO
POBO SAHARAÚÍ (SOGAPS) PARA O APOIO AO PROGRAMA
“VACACIÓNS EN PAZ 2017”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. O artigo 2 da citada Lei enuncia entre os obxectivos da cooperación para o desenvolvemento:

- Atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que requiran da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria coma mediante accións dirixidas á reconstrución e ao restablecemento institucional.
- Impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre tódalas persoas.

O III Plan Director 2014-2017 da Cooperación Galega, aprobado polo Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014, recolle entre a súas prioridades a atención á poboación saharauí, así como as actividades de sensibilización e educación dirixidas á sociedade galega, para facer desta unha sociedade máis solidaria e xusta.

(2) Antecedentes:

Dende o ano 2006, a Xunta de Galicia (tanto a través da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) vén



executando proxectos e programas en países con dificultade na cobertura das necesidades básicas de saúde e alimentación da súa poboación, como é o caso do Sáhara, a través da provisión de fondos que permitan dar resposta ás situacións críticas que se están a producir.

Esta colaboración ven realizándose coa Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (no sucesivo SOGAPS) que é unha entidade sen ánimo de lucro e ten entre os seus fins o de propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria co pobo saharauí así como o de achegar a realidade saharauí á poboación galega a través de charlas, coloquios, formacións e a posta en marcha do programa “Vacacións en Paz”. Ademais a SOGAPS é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados en Tindouf.

(3) **Finalidade:** Co fin de dar continuidade á colaboración co Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) na atención á poboación dos campamentos de Refuxiados en Tindouf (Alxeria), tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por obxecto financiar o traslado dos nenos e nenas saharauís, procedentes dos campamentos de Refuxiados en Tindouf (Alxeria), que serán acollidos por familias galegas durante os meses de verán.

(5) Tendo en conta a natureza das actividades desenvolvidas pola Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, a súa experiencia acumulada tanto na implantación sobre o terreo, como no achegamento da realidade saharauí a Galicia, e dada a especificidade do programa de Vacacións en Paz, que é de claro interese público e incide directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención, así como a súa necesaria posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.2 que para este fin emprega a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cuxo crédito inicial foi ampliado co aporte de 75.000,00 € por parte da Consellería de Política Social, en base ao Acordo de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería de Política Social para o apoio conxunto ao programa “Vacacións en Paz 2017” asinado o 22 de marzo de 2017.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. de 8 de xuño de 2010

A Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

